

Xosé María Díaz Castro poeta de preguerra

Armando Requeixo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

REQUEIXO, ARMANDO (2011 [2001]). “Xosé María Díaz Castro poeta de preguerra”. *Madrygal*: 4, 99-109. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/375>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

REQUEIXO, ARMANDO (2001). “Xosé María Díaz Castro poeta de preguerra”. *Madrygal*: 4, 99-109

* Edición dispoñíbel desde o 23 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO POETA DE PREGUERRA

ARMANDO REQUEIXO

Para os coñecedores da historia literaria galega a figura de Xosé María Díaz Castro (1914-1990) aparece asociada, indisolublemente, ó seu único poemario publicado en vida, *Nimbos* (1961). Desta sorte, do producido polo escritor con anterioridade a este momento só se ten noticia parcial, o que explica que practicamente tódolos estudiosos da súa obra sitúen os seus comezos nos anos 40 do século XX. É entón cando publica os opúsculos líricos *Nascida d'un sono* (1946) e *El cántico de la ciudad* (1946)¹ —premiados nos Xogos Florais de Betanzos dese ano— e varios dos seus poemas se inseren nas revistas *Cartel*, *Sonata Gallega*, *Alba* e *Ínsula* e no xornal *La Noche*,² figurando tamén algunas das súas mellores composicións daquela altura na famosa antoloxía que baixo o título de *Escolma de Poesía Galega* publicou Francisco Fernández del Riego en 1955.³

¹ Xosé María Díaz Castro, *Nascida d'un sono*, Vilagarcía de Arousa, Editorial Celta, 1946 e *El cántico de la ciudad*, Vilagarcía de Arousa, Editorial Celta, 1946.

² Xosé María Díaz Castro, «Terra e mar», *Cartel*, 6, marzo, 1946; «Sobre las rocas de ámbar», *Cartel*, 7, abril, 1946; «Fe», «Fermento», «Sustitución» e «Maternidad», *La Noche*, 19 de abril de 1947; «Híncate», «Piedad», «Del labrador» e «La herida abierta», *La Noche*, 26 de abril de 1947; «El premio», «Desnudez», «Crepúsculo» e «Magia», *La Noche*, 19 de maio de 1947; «La elección», «La lámpara» e «El primer hijo», *La Noche*, 2 de xuño de 1947; «Revelación», *La Noche*, 16 de xuño de 1947; «Con este alento», *La Noche*, 19 de xuño de 1947; «Versos a Florinda», *La Noche*, 14 de xullo de 1947; «¡Pescador!», «La elemental» e «Versos a Dorinda», *Sonata Gallega*, 10, primavera de 1948; «Oración polos tolos», *Alba*, 3, 1949; «Penélope», *Alba*, 4, 1949; «Trabajos de amor perdidos», *Alba*, 5, 1950; «Terra sucada», «In memoriam Paul Valery» e «Nochebuena 1947», *Alba*, 6, 1950; «Dos poemas de José María Díaz Castro», *Alba*, 7, 1951; «Suena aún su paso», *Alba*, 8, 1951; «Regreso», *Alba*, 16, 1956; e «Monumento á ausencia», *Ínsula*, 152-153, 1959.

³ Francisco Fernández del Riego, «Xosé María Díaz Castro», *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos*, Vigo, Galaxia, 1955, pp. 281-285.

Así as cousas, o labor poético desenvolvido por Díaz Castro na preguerra foi ata o de agora maioritariamente ignorado, entre outras razóns polo desconecemento que sobre do particular existía. Houbo que esperar á década dos anos 70 do pasado século para que o profesor Xosé María Dobarro,⁴ informado directamente polo propio autor, dese noticia sucinta da existencia desta actividade lírica prebética. Na década seguinte, Alfonso Blanco Torrado, sen dúbida o maior divulgador da obra do guitiricense, deu tamén cumprida razón desta produción nun libro fundamental para o coñecemento da biobibliografía do escritor, *A ascensión dun poeta. Xosé María Díaz Castro* (1995).⁵

Ora ben, malia todo o anterior nunca ata hoxe foi considerado monograficamente este quefacer poético mantido por Díaz Castro dende os primeiros anos trinta ata o estourido da Guerra Civil. Nin sequera se sabe do seu primeiro poema publicado, composición en castelán xamais reproducida, nin tampouco dos primeiros versos en galego que editou, sendo como é o autor un dos nosos clásicos indiscutibles do século XX.

Xa que logo, nas seguintes páxinas tentarei cubrir estas lagoas terraplenando informativa e textualmente este período tan pouco coñecido da bibliografía diazcastriana, pois teño a convicción de que só así poderá comprenderse o global dunha produción presidida, sempre, pola aspiración de superación e perfección coa que o autor de Guitiriz contemplaba a súa propia creación, constantemente esencializada e depurada ata conseguir ese monumento lírico que hoxe reconócemos en *Nimbos*.

⁴ Xosé María Dobarro Paz, «Díaz Castro, Xosé María», *Gran Encyclopédia Gallega*, vol. IX, Xixón, Silverio Cañada Editor, 1977, pp. 75-76.

⁵ Alfonso Blanco Torrado, *A ascensión dun poeta. Xosé María Díaz Castro*, Lugo, Fundación Caixa Galicia/El Progreso, 1995.

O NACEMENTO DUN POETA: OS ANOS DO SEMINARIO

Díaz Castro, logo de cursar os primeiros estudos na escola parroquial dos Vilares, no seu Guitiriz natal, ingresou no Seminario de Mondoñedo en 1929, onde permaneceu ata a súa incorporación a filas en 1936. Neste tempo estudiou os tres cursos completos de Latín e Humanidades e tamén de Filosofía, cursando ademais os dous primeiros de Teoloxía.⁶

Foi durante aqueles anos escolares cando naceu a súa querencia literaria, comezando a dar mostras da mesma xa a unha idade moi temperá. Recordando os seus inicios Díaz Castro deixou dito que estes se produciran:

ós oito ou dez anos... Na escola primaria. Daquela empecei a fiar os meus versos. Eran poemas malos, en castelán, xermolos dos que virían despois. A verdade é que eran cousas que non podían ser gardadas.⁷

Algo máis tarde volvería crear, decidido xa a escribir «de verdade»:

Ata os 13 anos, poido dicir que non empecei a escribir de verdade. Sen embargo, acórdome dunha vez que fun á praia a Sada. Levei un papel de estraza e alí, mirando ó mar, escribín un soneto. Tería 14 anos.⁸

Mais a súa estrea pública non se produciu ata os tempos do Seminario, cando viu editados os primeiros versos logo dunha peregrina tentativa como director dunha revista escolar manuscrita:

Lémbrome ben que, na miña época de estadía en Mondoñedo, dirixín tamén unha revista absolutamente manuscrita, feita toda por estudiantes.⁹

⁶ Vid. Ignacio Lorenzo Toimil, «Xosé M^a Díaz Castro. Biografía», *Amencer*, 82, novembro de 1990, pp. 4-5.

⁷ Xulio Xiz, «Xosé María Díaz Castro: *Nimbos* de poesía. Notas para achegarse á vida e obra de Xosé María Díaz Castro, o patriarca dos poetas da Terra Cha», en AA. VV., *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, Guitiriz, Asociación Cultural Xermolos, 1987, p. 161. Cfr. tamén Alfonso Blanco Torrado, «Conversa con Xosé María Díaz Castro, poeta de Guitiriz», *Xermolos*, 4, maio de 1983, p. 5.

⁸ Xulio Xiz, *art. cit.*, p. 162.

⁹ Félix Villares, «A xeito de cancela», *Amencer*, 25, febreiro de 1985, p. 3.

En efecto, en maio de 1931, contando o autor con dezasete anos acabados de cumprir, aparece o seu primeiro poema publicado. Titulábase «¡Toma mi corazón!», ía dedicado «A Santa Teresita del Niño Jesús» e inseriuose nas páxinas da revista leridana *Lluvia de Rosas*, daquela coma hoxe Órgano Oficial del Santuario de Santa Teresita que os Padres Carmelitas teñen nesa cidade catalana. Velaí a poesía:

¡Toma mi corazón!

Florencia bendita del Carmelo,
desplegada en el huerto del Amor:
¡muéstrame una sonrisa desde el Cielo,
oh bella virgin flor!

Guardo dentro mi alma una gotita
de néctar de tu cáliz infantil,
recogida al halago, Teresita,
de una aurora de Abril.

Este don es mi prenda más querida,
el recuerdo más puro de tu amor,
la dulzura en las penas de mi vida,
consuelo en mi dolor.

Tú eres el edén de mis ensueños,
amable palomita de Sión;
tú alfombras mis sendas de risueños
lirios de salvación.

Cada día acaríciame una brisa
embriagada en tu esencia virginal;
¡más ahora te pido una sonrisa,
Princesa divinal!
Si a mí, sonriente el rostro tuyo mira,
loco, hiere a mi pecho el corazón,
y la tácita cuerda de mi lira
delira una canción.

.....

Yo quisiera que fueran, ¡oh Azucena!
las plegarias que exhalo desde aquí,
de flores de jazmín una cadena
para elevarme a tí.

Mas ya que de mi dicha eres la aurora,
la flor de mi más casta dilección,
y eres «de corazones Robadora»,
¡toma mi corazón! ¹⁰

¹⁰ Xosé María Díaz Castro, «¡Toma mi corazón!», *Lluvia de Rosas*, 96, maio de 1931, p. 137. Este texto, como

A Santa Teresita del Niño Jesús

¡Toma mi corazón!



*LORECILLA bendita del Carmelo,
desplegada en el huerto del Amor:
¡muéstrame una sonrisa desde el Cielo,
oh bella virgen flor!*



*Guardo dentro mi alma una gotita
de néctar de tu cáliz infantil,
recogida al halago. Teresita,
de una aurora de Abril.*



*Este don es mi prenda más querida,
el recuerdo más puro de tu amor,
la dulzura en las penas de mi vida,
consuelo en mi dolor.*



*Tú eres el edén de mis ensueños,
amable palomita de Sión;
tú alfombras mis sendas de risueños
lirios de salvación.*

*Cada día acaríciame una brisa
embriagada en tu esencia virginal;
¡y más ahora te pido una sonrisa,
Princesa divinal!*

*Si a mí, sonriente el rostro tuyo mira,
loco, hiere a mi pecho el corazón,
y la tácita cuerda de mi lira
delira una canción.*

*Yo quisiera que fueran, ¡oh Azucena!,
las plegarias que exhalo desde aquí,
de flores de jazmín una cadena
para elevarme a tí.*

*Mas ya que de mi dicha eres la aurora,
la flor de mi más casta dilección,
y eres «de corazones Robadora»,
¡toma mi corazón!*

*José Díaz Castro,
Seminaria de Mondomene.*

A este poema, nunca ata hoxe reproducido, seguiron outras colaboracións do guitiricense na

os restantes aludidos e/ou reproducidos nas páxinas que se
guen, déboos á xencrosidade de dous bos amigos e estu-
diosos da obra diazcastriana: Alfonso Blanco Torrado e Félix
Villares Mouteira. Eles conservaron os números das publi-
cacións nas que foron aparecendo estas composicións,
exemplares moitas veces únicos, pois de varias das cabe-
ceiras citadas no presente traballo ou non se conservan
números ou os existentes son absolutamente exiguos.
Fique aquí, pois, o meu agradecemento a ambos polas faci-
lidades que me deron para a consulta deste valioso material.

mesma revista, todas elas en castelán, de idéntico
ton confesional e devoto e dedicadas a Santa Tere-
sa do Neno Xesús. Entre elas contáranse «Horas
de Gloria» (inserida no número de decembro
daquel ano aínda que asinada polo autor o 30 de
setembro, coincidindo co XXXIV aniversario do
pasamento da santa), «Floraciones blancas»
(publicada en maio de 1932) e «Una linda estre-
lla» (aparecida no número de setembro dese ano).
Xa na posguerra e nunha segunda época da revi-
sta volvería Díaz Castro a figurar nas súas páxinas,
publicando en agosto de 1946 a poesía «Tu nom-

bre», de idénticas coordenadas ás aparecidas na preguerra.¹¹

A estas primeiras colaboracións do poeta, excepcionalmente cangadas por tanto opúsculo misioneiro inzado de verso pío como pasaba polas mans dos seminaristas daquela,¹² seguiron no tempo os versos que o de Guitiriz publicou nun xornal da súa bisbarra chairega, *El Progreso Villalbés*.¹³ Alí deu a coñecer entre 1931 e 1933 quince entregas poéticas, constituíndo sen dúbida o foro publicista máis importante de entre tódolos frecuentados na preguerra polo escritor. Alén do dito, a súa contribución ás páxinas da cabeceira vilalbesa importa tamén por ter sido aquí o primeiro lugar no que se revelou a súa musa galega, deixando cinco incipientes mostras do seu xenio poético.

A primeira no tempo destas colaboracións apareceu a mediados de 1931, titulábase «Pasionaria»¹⁴ e continuaba a liña relixiosa ensaiada polo poeta en *Lluvia de Rosas*. Logo desta entrega inicial, Díaz Castro daría a coñecer o 6 de agosto de 1931 o seu primeiro poema en galego. Levaba por título «Lembranzas e sospiros» e nel era observable tamén a forte pegada relixiosa de textos anteriores, agora con evidentes citas a San Juan de la Cruz, entremesturado todo cunha adxectivación e ambientación cercanas ó modernismo rubendariano:

Lembranzas e sospiros

Foi n-unha noite d'ensoño.
Noite pura i-encendida,
seréa, toda vestida

¹¹ Xosé María Díaz Castro, «Horas de gloria», *Lluvia de Rosas*, 103, decembro de 1931, pp. 373-374; «Floraciones blancas», *Lluvia de Rosas*, 108, maio de 1932, pp. 149-150; «Una linda estrella», *Lluvia de Rosas*, 112, setembro de 1932, p. 293; e «Tu nombre», *Lluvia de Rosas*, 71 (2ª Época), agosto de 1946, p. 174.

¹² O propio Aquilino Iglesia Alvariño, grande amigo de Díaz Castro e principal influencia lírica súa nestes anos, como veremos, poetizou tamén nesta mesma liña; *vid.* «O sono de Teresita de Lisieux», *Señardá*, Lugo, Editorial Palacios, 1930, p. 56.

¹³ Unha ficha informativa sobre esta publicación pode lerse no traballo de Mari Paz Teijeira e María de la Torre, «*El Progreso Villalbés*: o retorno da prensa conservadora», *A prensa en Lugo, dous séculos de historia*, Lugo, Excma. Deputación Provincial, 1997, pp. 341-342.

¹⁴ Xosé María Díaz Castro, «Pasionaria», *El Progreso Villalbés*, 28 de xuño de 1931.

d'a sua gala sideral...

Debruzado eu n-a ventana,
vin vir ó Neno Divino,
meu pequeno Pelengrino,
todo envolto en lus lunar...

¡Ben relembro a noite aquela!
—Un ventiño perfumado
conversaba, enamorado,
co-as froles d'o xardín—.

Chegou silenzoso á porta;
golpeóu, amorosíño...
A abrille fún ó Meniño,
e... jun beixo pidéum'a min!

¡Un beixo! ¡Qué excelsa verba!
¡Qué canción tan roubadora!
¡Qué doce e feitizadora
esta palabra d'amor...!

Acercóuse... A sua frentiña
d'aurora e neve, biqueille,
¡e c'o meu biquíño, deille
alma, vida e corazón!

Jesús Meniño, por todo,
devolvéume unha surrisa...
Pasóu algareira a brisa...
Miréi... ¡i-ó Amado non vin!...

Dend'entón, orfiño e soio
vou pol-as rúas d'a vida...
Levo n-o espríto a ferida
d'o meu desterro sin fin.

Namentras, o mundo ríse
de min ¡probe coitadiño!
Vivo sin ter un cariño
que tempore a existencia cruel.

Ora pra min todo é i-ermo;
meu viero o sol n-aluma...
A dita pra min é escura,
qu'onte fói, i-oxe non é.

Por sempre a porta da vida
estou, por ver si alguén abre,
mentras arrastro o cadavre
d'o meu defunto vivir...

Meu consolo é tel-os ollos
cravados n-o firmamento:
¡Espero en paz o momento
en que Jesús veña abrir!

¡Qué triste e negro o desterro!...
Aquel ventiño d'outrora,
a celeste e acesa aurora
c'o seu trunfal resprondor;
o meigo raio d'a lúa,
as suaves canciós aquelas,

i-o palpitar d'as estrelas
¡xa non me falan d'amor...!
I-en tanto o mundo, algareiro,
rise de min ¡probésiño!
porque non cedo ó loumiño

d'a sua voz de maldición...
¡Soñador e louco mundo!,
treidora lus fuxitiva:
¿como queres qu'eiquí viva
sin vida... sin corazón?...¹⁵

Lembranzas e sospiros

Foi n-unha noite d' ensono.
Noite pura i-encendida,
seréa, toda vestida
d'a sua gala sideral.
Debruzado eu n-a ventana,
vin vir ó Neno Divino,
meu pequeno Pelengrino,
todo envolto en lus lunas.
¡Ben relembro a noite aquela!
— Un ventiño perfumado
conversaba, enamorado,
co-as froles d' o xardin —.
Chegou silenzioso á porta;
galpeóu, amorosíño...
A abrillle fún ó Meniño,
e... jun beixo pídium a min!
¡Un beixo! ¡Que excesa verbal!
¡Qué canción tan roubadora!
¡Qué doce e feitizadora
esta palabra d'amor...!
Acercóuse... A sua frentina
d' aurora e neve, biqueille,
je c' o meu biquíño, deille
alma, vida e corazón!
Jesus Meniño, por todo,
devolveume unha surrisa.
Pasou algareira a brisa.
Mirei... ¡i ó Amado non vin!
Dend' entón, orfño e soio,
vou pol-as rías d'a vida.
Levo n-o espírito a ferida
d' o meu desterro sin fin.

Namentras, o mundo rise
de min ¡probe coitadíño!
Vivo sin ter un cariño
que sempre a existencia cruel.
Ora pra min todo é i-ermo;
meu viero o sol n-aluma.
A dita pra min é escura,
qu' onte foi, l-oxe non é.
Por sempre a porta da vida
estóu, por ver si alguér abre,
mentras arrastro o cadavre
d'o meu defunto vivir...
Meu consolo é tel-os ollos
enterrados n-o firmamento:
Espero en paz o momento
en que Jesús veña abrir!
¡Qué triste e negro o desterro!
Aquel ventiño d' outrora,
a celeste e acesa aurora
c' o seu trunfal respirador;
o mejgo raio d'a lúa,
as suaves cancios aquelas,
i-o palpitar d'as estrelas
¡xa non me falan d'amor...!
I-en tanto o mundo, algareiro,
rise de min ¡probésiño!
porque non cedo ó loumiño
d'a sua voz de maldición...
¡Soñador e louco mundo!,
treidora lus fuxitiva:
¿como queres qu'eiquí viva
sin vida... sin corazón?

El Progreso Villalbés, 6-8-1931. JOSÉ DÍAZ CASTRO

¹⁵ Xosé María Díaz Castro, «Lembranzas e sospiros», *El Progreso Villalbés*, 6 de agosto de 1931.

Poucos días despois desta primeira colaboración en galego Díaz Castro entregaba a *El Progreso Villalbés* uns «Cantares de verano» que incluían nove composicións breves, catro delas coplas populares, e todas outravolta de trasfondo relixioso.¹⁶ Tras delas inseríronse no xornal dúas novas poesías en castelán: unha na liña temática e estilística xa descrita e titulada «¡Ábrele, corazón...!»¹⁷ e a outra nidicamente fóra dos parámetros ata o de agora vistos. Esta última poesía intitulábase «El menhir solitario»¹⁸ e nunha linguaxe de regusto cultista acometía a descripción do menhir guitirizense de Súa-Torre, anticipando así tematicamente ese fondo lírico celtista que volverá a abrollar en futuros poemas seus de modo ocasional, como acontece no coñecido «O berro das pedras» de *Nimbos*.¹⁹

«Baix'o calor...»²⁰ é o título do segundo poema galego publicado por Díaz Castro. Nel, baixo o influxo do malditismo baudeleriano, tracexa un esbozo lírico metaliterario no que reflexiona sobre o carácter pesimista e amargurado dos seus versos:

Baix'o calor...

Baix'o calor d'unha idea
unha rima froceceu...
¡Probe...! Morreu de tristura
na brancura do papel!
¡Meus cantos...! Hirmáns da i-alma,
¡qué tristes vos deu Dios!

¹⁶ Xosé María Díaz Castro, «Cantares de verano», *El Progreso Villalbés*, 20 de agosto de 1931.

¹⁷ Xosé María Díaz Castro, «¡Ábrele, corazón...!», *El Progreso Villalbés*, 21 de setembro de 1931.

¹⁸ Xosé María Díaz Castro, «El menhir solitario», *El Progreso Villalbés*, 11 de setembro de 1931.

¹⁹ Cfr. Claudio Rodríguez Fer, «Díaz Castro e o tema dos celtas», en AA. VV., *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, Guitiriz, Asociación Cultural Xermolos, 1987, pp. 104-107 (Logo recompilado polo seu autor en «O tema dos celtas na poesía de Díaz Castro», *Acometida atlántica*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1996, pp. 185-190). Ademais, cómpre non perder de vista que o poeta, xunto con seu irmán Serafín, elaborou e deixou inédito un catálogo sobre as mámoas que se erguen a carón da Serra de Montouto, alá nos seus eidos natais, o que fala ás cheas da súa paixón polo coñecemento das súas rai-ceiras tanto históricas coma xeográficas. (Vid. Alfonso Blanco Torrado, *A ascensión...*, p. 115).

²⁰ Xosé María Díaz Castro, «Baix'o calor...», *El Progreso Villalbés*, 14 de outubro de 1931.

Tedes a aurora na frente
i-a noite no corazón...

A frol da fonte esfolouse
os meigos beixos do sol...
Tamén, como ela, o meu nume
xa s'esfolou en canciós!

O meu maestro na rima
o vento da noite foi:
¡por eso, tan vagos, mouros
e tristes meus versos son!...

Recordos, que me pedistes
qu'antre rimas vos puñese...
¡Deixádem'en paz a i-alma,
que sóio canta o presente!

Probes versos, probes versos
qu'onte tecín no pinar...
Com'o pô d'unha lembranza
morta, fóstesvos c'o ârt...

E tamén aparece en galego a seguinte poesía enviada polo autor a *El Progreso Villalbés*, «Lá vou, Amor...», que continúa a liña mística de ascese polo vieiro do sacrificio xa debuxada nalgúnha das súas anteriores composicións en castelán:

Lá vou, amor...

Lá vou, lá vou... Eu vou en corpo e'sprito...
Lá vou, lá vou... Lá vou detrás da lus
d'un astro lírico, inmortal, bendito...
Lá vou morrer Contigo n-unha Crus.

..... Cháma-m'a lá un éco do Calvario!
Feito perfumes, o meu corazón
frolecerá no virxen incensario,
entre-l-os fríos lirios da Pasión...

Eu nunca tuven patrias n-esta vida,
nin d'esta vida as noites conocín...
Lu'o meu vivir foi radiación frorida,
i-o martirio foi o sono para min!...

Lá vou, Amor!... A tua voz me chama
qu'os mundos fai, tua voz dc bendición...
Vai car'a Crus esta i-alma que t'ama,
para flotar na lus da Redención!...

Lá vou, lá vou! Almas irmáns, dos vales
da Tristeza, ¡por mí xamáis chorar!...
¡Qu'as aves desd'o azul, en espirales,
sobr'os brazos da Cruz virán cantar!...²¹

²¹ Xosé María Díaz Castro, «Lá vou, Amor...», *El Progreso Villalbés*, 22 de xaneiro de 1932.

As dúas entregas seguidoras volven ser poesías castelás: «Mientras duermen las cosas» e «Flor de idilio», claramente confessionais unha vez máis.²² Pero logo reaparecen no periódico chairego os versos galegos de Díaz Castro e fano coa publicación de «As formigas» e «Era un contíño de fadas».²³ O primeiro é un poema de ton franciscano que fixa a súa atención na imaxe simbólica das traballadoras formigas como testemuña da presencia de Deus no mundo. O segundo é un texto de ambientación e ritmo populates, máis escorado cara á lírica costumista decimonónica. Velaí os poemas:

As formigas

Un resario mouriño, mouro, mouro,
a soñar baix o sol,
n-un vieiro de lume, branco, branco...
Todas levan a Cruz, ¡válle-me Dios!
¿Qué buscades, irmáns do meu camiño?
¿Qué soníño tamén levades vós?...
¡Ai, qu'o día é moi longo, longo, longo!
¡é grande o día nas máns do sol!...
Bule, bule, bule...
Obteiriñas de Dios Noso-Señor,
estradas por toxales e carreiro,
¿qué soníño na i-alma leváis vós?
...Unha noite, Dios mio, de traxedias,
das traxedias que dan no corazón,
non sei que meigas nebras torceron o camiño,
e perderon-se os pasos, sin lus, ¡válle-me Dios!
Romeiras pequeniñas
de Dios Noso-Señor...
¡vós a bandeira do traballo erguestes,
n-unha fame ideal de redención,
e no lenzo azulado sobr'os ventos
escribistes o voso corazón!...
Romaxe longa, longa;
cansadiña romaxe d'El Señor...
¿qué frol azul os vosos ollos miran?
¿qué soníño leváis no corazón?

Era un contíño de fadas

Era un contíño de fadas
nacido a beira do lar...
Éran rimas arrancadas
das roseiras d'un cantar.
Noite de néve, infinita...
¡Mai, qué triste a noite está!

¡Bañára-me eu na bendita
visión d'esta soledá!

Coma unha mirra d'amores,
na melodía inmortal
d'unha boquiña de frores
segúia a lenda ideal.

Mai, ¿por qué en cada meniña,
dí, soña a lus do candil?...

¡Ai lendas da lenda miña,
fillas d'un sono d'Abril!...

.....
Miráronse os inocentes
óllos, a beira do lar...
Morreu antre aqueles dentes
a i-alma d'aquel cantar...

Meu silenciño adourado,
¡non busques o conto, non!:
¡quedou preso i-encantado
drento do meu corazón!...

Finalmente, as catro últimas entregas poéticas de Díaz Castro en *El Progreso Villalbés* constitúen poemas en castelán, todos eles de cerne relixioso, codificado ora en clave paisaxístico-descriptiva («Pensamiento») ora ascético-cosmolóxica («Estancias líricas»), igual de fasquía redentora («Eternamente») ca hímnicka («Salutación»).²⁴

Paralelamente á publicación dos poemas aparecidos en *El Progreso Villalbés*, Díaz Castro comezou a enviar textos ó xornal mindoniense *Vallibria*, coñecido rotativo do norte lugrés no que velarían as súas primeiras armas literarias Álvaro Cunqueiro e Francisco Fernández del Riego, entre outros.²⁵ Alí vai dar a coñecer o de Guitiriz dous poemas, un en galego e outro en

²² Xosé María Díaz Castro, «Mientras duermen las cosas», *El Progreso Villalbés*, 23 de marzo de 1932 e «Flor de idilio», 3 de maio de 1932.

²³ Xosé María Díaz Castro, «As formigas», *El Progreso Villalbés*, 28 de xuño de 1932 e «Era un contíño de fadas», 8 de xullo de 1932.

²⁴ Xosé María Díaz Castro, «Pensamiento», *El Progreso Villalbés*, agosto de 1932; «Estancias líricas», setembro de 1932; «Eternamente», 3 de decembro de 1932 e «Salutación», 12 de abril de 1933.

²⁵ Para máis datos sobre esta publicación véxase a miña monografía *Escritores mindonienses*, Ferrol, Sociedad de Cultura Valle-Inclán/Concello de Mondoñedo, 1998, p. 119.

castelán. O primeiro deles, titulado «Oración», figuraba no número do periódico correspondente ó 29 de maio de 1932, ía dedicado «A nosa Señora» e estaba en sintonía cos poemas relixiosos inseridos en *El Progreso Villalbés*. Este poema galego é, ademais, o único dos publicados na preguerra por Díaz Castro que foi modernamente reproducido nunha escolma da súa poesía.²⁶ O poema di así:

Oración

Corazón dos meus amores,
lirio, estrela, serafín...
...Teño un incendio na i-alma...
¡Déixa-me morrer por Tí!
Himnos vibrando nos sigros,
canciós sin téma e sin fin...
Toma a voz da miña i-arpa:
¡Déixa-me morrer por Tí!
Paséi. Bendecín ô mundo,
i-el me maldicéu a mí...
Venío das sombras do exilio:
¡Déixa-me morrer por Tí!

Romeiros, rosas, cantares
polos camiños d'Abril...
Quéro ser rosa de sangre...
¡Déixa-me morrer por Tí!
Lirios, estrelas tembrando
no teu mantón de xazmín...
Quéro ser flor nos teus ollos.
¡Déixa-me morrer por Tí!
Nosa Señora das rosas,
lirio, estrela e serafín...
¡Traigo na i-alma un suspiro:
Déixa-me morrer por Tí!²⁷

A segunda e derradeira poesía de Díaz Castro contida nas páxinas de *Vallibria* vería luz moito máis tarde, no mes de maio de 1936, pouco antes do estourido da contenda militar. É, polo tanto, a última das composicións publicadas polo escritor na preguerra. Titulábase «La revista *Perla del Calvario*» e estaba escrita en castelán. Como o seu propio título indica, ocupábase por completo da revista *Perla del Calvario*, voceiro dos Padres Pasionistas, daquela con igrexa propia en Mondoñedo e hoxe radicados na Coruña. Esta composición, que garda relación directa con

<p>LIBRERÍA. ULTRAMARINOS. MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO. ARTÍCULOS FOTOGRÁFICOS Y PRODUCTOS KODAK.</p> <p>VDA. DE JUSTO GÓMEZ Plaza de la Constitución, números 9 y 10 MONDOÑEDO</p> <p>No se devuelven los originales</p>	<p>Vallibria</p> <p>DIRECTOR PROPRIETARIO D. JOSÉ TRAPERO PARDO</p> <p>Mondoñedo, 29 de mayo de 1932</p>	<p>Nº 119</p> <p>Precios de suscripción:</p> <p>Mondoñedo: Un mes. . . 0'40 pesetas. Fuera: Trípteste . . . 1'50 . . . Extranjero: Un año. . . 8'00 . . . Número suelto . . . 0'10 . . .</p> <p>La correspondencia al Director.</p>
<p>SEMANAL PANTOSCOPIO</p> <p>¿De la reforma agraria, qué?</p> <p>Viene lamentando España la escasa atención, la casi ninguna atención que las Cortes están prestando a un asunto tan capital como la reforma agraria. Octoso sería insistir en la trascendencia del problema.</p> <p>Está en la conciencia de todos los que tienen la facultad de ver y de pensar.</p> <p>Hermoso, sublime espectáculo el de un pueblo creyente.</p> <p>Vedlo con una sola voz, un solo corazón, con una sola alma humildemente prostrado.</p> <p>El Díos de la Eucaristía le bendice desde su trono fabricado por el amor, orlado de flores, guarnecido por la pureza.</p> <p>El trono mira al Oriente. Al Oriente se dirigen las miradas de la inocencia. Al Oriente vuelan las candorosas avecillas.</p> <p>En el trono está el Orienté. Allí le buscan los ojos devotos. Allí parecen buscarse también los ojos escépticos...</p> <p>Corazón dos meus amores, lirio, estrela, serafín... ...Teño un incendio na i-alma... ¡Déixa-me morrer por Tí! Himnos vibrando nos sigros, canciós sin téma e sin fin... Toma a voz da miña i-arpa: ¡Déixa-me morrer por Tí! Paséi. Bendecín ô mundo, i-el me maldicéu a mí... Venío das sombras do exilio: ¡Déixa-me morrer por Tí! Romeiros, rosas, cantares polos camiños d'Abril... Quéro ser rosa de sangre... ¡Déixa-me morrer por Tí! Lirios, estrelas tembrando no teu mantón de xazmín... Quéro ser flor nos teus ollos. ¡Déixa-me morrer por Tí! Nosa Señora das rosas, lirio, estrela e serafín... ¡Traigo na i-alma un suspiro: Déixa-me morrer por Tí!</p> <p>José Díaz Castro</p>		

²⁶ Félix Villares, *Os poetas do Seminario de Mondoñedo*, Lugo, Excmo. Deputación Provincial, 1997, pp. 301-302.

²⁷ Xosé María Díaz Castro, «Oración», *Vallibria*, 29 de maio de 1932.

outra aparecida na propia *Perla del Calvario*, como se verá, reproducía unha nota ó pé que anunciaba:

Cuántas personas deseen suscribirse a la preciosa revista *Perla del Calvario* pueden dirigirse a su corresponsal en esta ciudad, don Gerardo Fanego Losada, Profesor del Seminario Conciliar.²⁸

Fica, pois, evidenciada cál foi a vía de contacto publicista que tivo nesta ocasión Díaz Castro na revista pasionista, pois non en van o cóengo Faneiro Losada, conspícuo latinista e mestre de varias xeracións de poetas mindonienses, foi tamén profesor do de Guitiriz nesta época súa de estudiante no Seminario de Mondoñedo.²⁹ Tal vía de colaboración revela, ademais, a razón deste poema, agraciado panexírico da modesta publicación dos seguidores de San Pablo da Cruz.

Tras colaborar en *El Progreso Villalbés* e, más ocasionalmente, en *Vallibria*, Díaz Castro deu a coñecer áinda tres novas composicións no semanario lúxense *Mundo de Ahora*, publicación de tendencia católico-radical que funcionaba como voceiro da Juventud de la Unión Regional de Derechas de Lugo.³⁰ Alí apareceron ó longo de 1933 «Invocación», «Salutación» e «Felicidad».³¹ O primeiro e o último vían luz por vez primeira, o segundo non era senón unha nova impresión da poesía homónima inserida en *El Progreso Villalbés* (vid. supra). Todos eles proseguían a liña de poesía devota, en ocasións mesmo cristolóxica, de textos anteriores, confirmando ó poeta nunha liña creativa de marcado carimbo relixioso.

Por último, áinda acolleu os versos do poeta outra revista daquela hora, a xa amentada *Perla del Calvario*, onde a mediados de 1935 apareceu «Pureza y humildad de la bienaventurada Gema Galgani», diálogo lírico en castelán «pronunciado por las angélicas niñas mindonienses Alicia Veiga y Gloria de la Peña el día de la fiesta, que en honor

²⁸ Xosé María Díaz Castro, «La revista *Perla del Calvario*», *Vallibria*, 24 de maio de 1936.

²⁹ Para maior información verbo deste célebre profesor mindoniense consultese o meu libro *Escritores...*, p. 70.

³⁰ Vid. María del Carmen Pérez País, «Mundo de Ahora», *Gran Encyclopedie Gallega*, vol. XXII, Xixón, Silverio Cañada Editor, 1980, p. 36 (Estes datos volven reproducirse en Enrique Santos Gayoso, *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1990, p. 623).

³¹ Xosé María Díaz Castro, «Invocación», *Mundo de Ahora*, 11 de marzo de 1933; «Salutación», abril de 1933 e «Felicidad», 3 de decembro de 1933.

a la Beata se celebró en la hermosa iglesia de los PP. Pasionistas de Mondoñedo (Lugo)», texto do que se aclaraba que «El autor de esta hermosa composición poética es el ilustrado seminarista mindoniense e inspirado poeta D. José Díaz Castro».³²

A ESCOLA POÉTICA DO SEMINARIO DE MONDOÑEDO E O PAISAXISMO HUMANISTA

Como se bota a ver logo de todo o anterior, a poesía de preguerra de Díaz Castro constrúese cuns peculiares vimbios. Entre estes habería que salientar o coñecemento directo da mellor tradición mística, principalmente San Juan de la Cruz, ó que chegou doadamente como seminarista; o modernismo rubendariano, tan de moda naqueles anos en toda a Península; certo malditismo ó Baudelaire³³ sumado ó filtro lírico-tormentoso dun Alfred de Musset³⁴ e logo refocalizado catolicamente como ascese pola dor e o sufrimento; e, por suposto, unha manifesta preferencia polo paisaxismo e o ruralismo descriptivos.

Indo xa ó caso da creación en galego, cómpre facer notar que estes trazos definitorios xerais poderían moi ben facerse extensivos tamén á súa obra inédita de preguerra, pois tanto nos poemas soltos que daquela época se conservan coma nos dous poemarios que deixou sen publicar (*Follas verdes* e *Follas ó aire*) están tamén presentes e mesmo agudizadas moitas destas características.³⁵

Considerando todo o dito, parécelme axeitado encadrar a poesía prebética galega de Xosé María Díaz Castro dentro da producción arquetípica dos autores da Escola Poética do Seminario de Mondo-

³² Xosé María Díaz Castro, «Pureza y humildad de la bienaventurada Gema Galgani», *Perla del Calvario*, xullo de 1935, pp. 151-154.

³³ O propio Díaz Castro ten confesado ó falar do seu poemario inédito *Follas ó aire* (que contén unha secção baudelerianamente titulada «Perversidade» e que é ademais estritamente coetáneo na súa redacción ós poemas dos que aquí se trata) que naquela altura a súa musa «tiña unha parte de espíritu rebelde, de ar destructor, de artificioso diabolismo» (Vid. Alfonso Blanco Torrado, «Conversa...», p. 5).

³⁴ A este poeta francés Díaz Castro dedicariálle a súa «Canción del dolor», incluída no caderno inédito *Follas verdes* (1934).

³⁵ Para a descripción global desta obra inédita anterior á Guerra Civil consultese Alfonso Blanco Torrado, *A ascensión...*, pp. 26-36.

ñedo e, tamén si, dentro desa corrente lírica denominada do Paisaxismo Humanista, por outros chamada Neovirxilianismo e mesmo Ruralismo.

Neste sentido, se analizamos os versos galegos de preguerra de Díaz Castro observaremos que cumplen tódolos requisitos definidos por Félix Villares³⁶ como propios dos creadores da Escola Poética do Seminario de Mondoñedo: 1) Formación humanista, como pouso necesario do seu paso polas aulas do seminario, o que é claramente perceptible en poemas nos que o escritor se interroga sobre os seus propios versos (lémbrase, poño por caso, a composición «Baix'o calor»); 2) Extraordinario coñecemento da literatura clásica latina, ben presente tanto na selección léxica coma métrica de moitos destes textos; 3) Fonda sensibilidade idiomática, patente na riqueza dialectal e na variedade de solucións semánticas ensaiadas; 4) Importante presencia do elemento costumista e popular (como sucede en «Era un contiño de fadas»); 5) Tendencia ó franciscanismo, ó canto ás cousas humildes e sinxelas (eixo vertebrador de todo o poema «As formigas», por exemplo); 6) Predominio do descritivismo sobre o lirismo (así en «Lembranzas e sospiros»); e 7) Notoria manifestación da temática relixiosa (razón de ser de poesías como «Lá vou, Amor...» ou «Oración»).

Por outra banda, estes textos de Díaz Castro cumplen tamén cos principios sinalados pola crítica³⁷ como propios do Neovirxilianismo (moitos deles coincidentes cos establecidos para a definición da Escola Poética do Seminario de Mondoñedo): 1) Formación nos clásicos latinos, como xa se veu; 2) Paisaxe mindoniense como escenario poético (e aquí hai que entender o xentilicio como referido ó territorio que xurídica, histórica e etnográficamente abrangúa a antiga capital do Reino de Galicia); 3) Procedencia social campesiña dos creadores e/ou intenso contacto co mundo rural, permeabilizado logo nos seus versos; 4) Textos formalmente moi elaborados e, xeralmente, sometidos á disciplina métrica; e 5) Dignificación do idioma a través da reivindicación do popular, do dialectal como propicia arxila poética.

³⁶ Félix Villares, *Os poetas...*, pp. 22-32.

³⁷ Unha boa síntese destes pode terse en Luciano Rodríguez, *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Lugo, Excma. Deputación Provincial, 1994, p. 84.

Así percibida, non cabe ningunha dúbida de que a poesía galega de Díaz Castro anterior á Guerra Civil aparece directamente emparentada coa obra doutros creadores tamén educados no seminario mindoniense, como Antonio Noriega Varela, Xosé Crecente Vega e, sobre todo, Aquilino Iglesia Alvariño, ós que seguiu en parte daque-la o guitiricense. Non é de estrafiar, xa que logo, que todos eles sexan sempre citados como inequívocos compoñentes da Escola do Paisaxismo Humanista, posto que as conexións visibles entre as súas respectivas obras semellan incuestionables. Alén diso, a intensa amizade que uniría a Díaz Castro co seu confrade literario e compañeiro seminarista Iglesia Alvariño dende o instante en que se coñeceron esclarece grandemente a palpable coincidencia que se produce nos seus versos desta hora.

Díaz Castro e Iglesia Alvariño coñecéronse alá contra 1930, sendo ambos estudiantes no Seminario de Mondoñedo. Díaz Castro lembraba aquel episodio da súa vida así:

Había algo naquel mozo [Iglesia Alvariño] que a mí, inda rapacío nos comezos da adolescencia, me atragüía: a súa voz, o seu xeito de andar, a súa innata elegancia e aquela poesía campestre e recente do seu libro *Sefardá*, entón recién publicado, que a mí me revelou un mundo poético novo e me abría a porta ó campo da poesía expresada en galego.³⁸

É más, o propio Díaz Castro ten recoñecido que foi Iglesia Alvariño «o primeiro aguillón que me estimulou a apreciar o galego e a escribir nesta língua».³⁹ Se a isto unimos o feito de que nos círculos literarios do seminario os versos de Noriega eran degustados e comentados por un selecto grupo de amigos entre os que se contaban Iglesia Alvariño, Díaz Xácome ou Chao Espina⁴⁰ (todos eles poetas tamén), e se non perdemos de vista o feito de que Iglesia Alvariño foi dalgunha maneira «apadrinado» polo propio Noriega (que lle conseguiu prologuis-

³⁸ Xosé María Díaz Castro, «Iglesia Alvariño na miña lembranza», *Xermotos*, 16, maio de 1986, pp. 12-13.

³⁹ Alfonso Blanco Torrado, «Entrevista: Díaz Castro, poeta total», *Faro de Vigo*, 3 de xaneiro de 1988.

⁴⁰ Cfr. Panurgo, «Hechos y hombres», *La Noche*, 12 de decembro de 1946.

ta para o seu primeiro libro e lle regalou para o mesmo o poema «Señardá»)⁴¹ entenderemos finalmente por qué Iglesia Alvariño, en primeiro termo, e Noriega, ó fondo, están tan presentes nas poesías galegas deste Díaz Castro da primeira hora.⁴²

A MODO DE BALANCE

Tralo visto, creo demostrada a pertenencia do Díaz Castro poeta de preguerra tanto a esa corrente habitualmente coñecida co nome de Neovirxilianismo coma ó grupo máis recentemente establecido pola crítica da Escola Poética do Seminario de Mondomínedo.

Ora ben, o que serve para describir e analizar estes versos primeirizos de Díaz Castro non é, en

absoluto, extrapolable á súa obra maior de posguerra. Neste senso, un poemario como *Nimbos* soborda, amplamente, os marcados límites que configuran as liñas xerais da produción arquetípica do Paisaxismo Humanista, por más que participe nalgúnha medida ou coincida en diferente grao con algúns dos seus trazos característicos.

Así pois, o interese dos poemas aquí estudiados reside non só no feito de amosarnos a creación dun poeta do que se descoñecía produción prebólica, senón tamén no de servir de referencia ineludible á hora da valorar, contrastivamente, o conxunto da súa obra, no interior da cal estas primeiras entregas líricas conformarían os prolegómenos ou inicios dun camiño de perfección poética que desembocaría nesa alfaia literaria que chamamos *Nimbos*.

⁴¹ Vid. Aquilino Iglesia Alvariño, *Señardá*, p. 13 (Este poema sería logo recollido polo seu autor en Antonio Noriega Varela, *Do ermo*, Lugo, Tip. La Voz de la Verdad, 1946, p. 223).

⁴² Hai que lembrar, ademais, que nunha relación de libros confeccionada por Díaz Castro ocupan os primeiros postos entre os seus preferidos *Do ermo* de Norie-

ga e *Codeseira* de Xosé Crecente Vega (Cfr. Alfonso Blanco Torrado, *A ascensión...*, p. 31). Por outra parte, Díaz Castro chegaría a encabezar unha das tres seccións que compuñan o seu poemario inédito *Follas ó aire* (1935) coa cita do poema «Anverso» de *Señardá*, o que fala ás claras da estima e admiración que sentía polo poeta amigo.